




PEQUEÑOS APUNTES DE BIOGRAFÍA E OBRA



Eduardo Blanco Amor naceu en Ourense en 1897 (1900 segundo algúns autores). A súa infancia e adolescencia decorrerán nesa cidade, na atmósfera urbana pero ao mesmo tempo chea de ecos do campo que tiña a cidade das Burgas neses anos. O ambiente que rodeaba á súa casa natal, moi perto da sé catedralicia, será logo descrito en moitas das súas obras.

A separación dos seus pais e a mala saúde van marcar unha infancia que o propio Blanco-Amor definiu como triste.

"Era un neno triste nun pobo triste: Ourense. Era un neno sempre doente, con trastornos dixestivos, con quenturas e dores, quizais un pouco asulagado tamén no amor da miña nai que vía en min un rapaz fráxil e fuxidío e enchíame de atencións e agasallos por enriba dos demais nenos e dos meus irmáns. Sempre había mulleres por aquela casa e eu andaba tristeiro e como amolado no medio de todos".

CURSO 2024-2025

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO C



Realiza estudos de bacharelato no Instituto de Ourense onde vai ter como profesor a Vicente Risco. Estamos no tempo en que a cidade das Burgas acolle a un dos grupos de intelectuais e escritores que máis importancia terán na Galicia da primeira metade do século. O chamado Círculo Ourenseño.

Este encontro con Risco nas aulas será lembrado polo propio Blanco Amor como un dos feitos capitais da súa vida.

Ingresa na redacción de El Diario de Orense xornal no que chega a ostentar o cargo de Secretario de Dirección. Trátase do seu primeiro traballo na prensa diaria e non deixa de ser unha mostra significativa da súa intelixencia e vocación literaria o feito de que se inicie no oficio ocupándose dos labores de menor importancia que moi axiña abandonará para ocuparse doutros de maior responsabilidade. Non debemos esquecer que Blanco Amor acadaría fama de grande xornalista ao longo da súa vida, como o desmostran os numerosos xornais para os que traballou e a inxente cantidade de páxinas de información e opinión que redactou. Sen dúbida, a súa profesión máis importante, aínda que non a única, foi a de xornalista e esta outorgoulle un contacto coa realidade diaria e co máis cotián do home que logo sería de grande proveito na súa obra narrativa. Durante esa época e antes de partir para a Arxentina en 1919, onde frecuentará a persoas da talla literaria de Jorge Luís Borges, Ernesto Sábato, Alfonso Reyes, Leopoldo Lugones, Horacio Quiroga, feito que, sen dúbida, ha de influir, e non pouco, na súa formación literaria, relaciónase co núcleo galeguista da cidade ourenseña, entre outras persoas, Vicente Risco, Noriega Varela, Euxenio Montes.



En 1921 escribe o seu primeiro libro de poemas Romances galegos que publicará sete anos máis tarde en Buenos Aires e pronuncia a súa primeira conferencia intitulada "Los derechos espirituales de la Nueva Galicia"

Romances Galegos insértase dentro da produción poética do que máis adiante se denominará Xeración de 1925.

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO C



Publica na revista agrarista Acción Gallega o seu traballo "Castelao y su obra". Nese mesmo ano faise redactor do "Correo de Galicia". En 1923 funda con Ramiro Isla Couto a revista literaria Terra. Comeza a colaborar co xornal arxentino La Nación e dá conferencias sobre diversos temas, entre as que destacan "Guía para un estudio integral del Renacimiento Gallego"(1928) ou "La nueva emoción gallega"(1928).

É esta unha faceta da súa obra que Blanco Amor desenvolverá con grande esmero ao longo de toda a súa vida literaria, sendo moi numerosas as conferencias e charlas que dicta así como os debates e coloquios en que participa. Tamén é profesor de Literatura e de Historia do teatro, escribe obras e potencia actividades culturais de todo tipo.

Sendo corresponsal de « La Nación » viaxa por diferentes países. Por este motivo vén a España en dúas ocasións, vai a Marrocos e tamén a varios países hispanoamericanos: Chile, Venezuela...

En 1933, prologa os Seis poemas galegos de García Lorca de quen se fixera moi amigo e regresa a Arxentina en 1935 onde pasará todo o período da Guerra Civil Española.

Blanco Amor formou parte do núcleo de amigos de García Lorca e, segundo tódalas fontes, a el débese, xunto con Ernesto Guerra da Cal, a elaboración dun dos libros lorquianos máis delicados: Seis poemas galegos. Blanco Amor non redactou os poemas senón que simplemente lle emprestou a súa lingua a Lorca para que este, escollendo unha ou outra palabra, fose formando unha das maiores homenaxes que se lle teñan feito a Galicia desde outras literaturas.



TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO C



En 1940 forma parte do grupo de galeguistas que recibe a Alfonso Daniel Castelao en Buenos Aires. Dez anos despois, será Blanco Amor quen faga unha longa alocución fúnebre durante o enterramento do ilustre galeguista no cemeterio bonaerense da Chacarita.

Iníacese un longo afastamento de Galicia á que non voltará durante moitos anos, ata o final da década dos cincuenta, exactamente 1958, ano en que dará unha conferencia no Círculo Mercantil de Vigo, seguida dunha cea que se converte nun acto de afirmación galeguista e antifranquista.

Son estes os anos en que Blanco Amor, impedido pola dictadura fascista, un normal desenvolvemento da cultura galega no noso territorio, leva a cabo un traballo cultural e de espallamento entre a colectividade galega na Argentina, entre a chamada Quinta Provincia.

Este traballo consistirá fundamentalmente en conferencias, charlas, artigos de pensamento, dirección de revistas e xornais, organización de actos en defensa da colectividade ameazada.

En 1959 aparecerá **A Esmorga** en Buenos Aires, escrita enteiramente en galego, despois de que varias tentativas da Editorial Galaxia por facer unha tiraxe do libro en Galicia fosen rexeitadas pola censura franquista. O libro, traído a Galicia clandestinamente e distribuído entre un público non moi numeroso, acada, sen embargo, un importante éxito e sinala un fito histórico





na renovación da nosa narrativa.

Despois de publicar A Esmorga e ante o grande éxito de crítica e de lectores que tivo o libro, Blanco-Amor comeza a traballar nunha nova novela en galego. A novela íase titular Os Medos pero o autor como resposta a algún aldraxe recibido pola súa anterior obra decide botar o libro ao lume. Trátase da primeira mostra dun carácter agudo e radical que a partir de entón vaille causar algúns problemas.

O libro queda como finalista do Premio Nadal pero non consegue acadar a nominación de gañador.

En 1962, de volta en Ourense, escribe e publica Os biosbardos ao tempo que sae publicado en México o volume Seis farsas para títeres.

Escribe e publica en 1972 Xente ao lonxe, a súa segunda novela en galego, con grande éxito de público e crítica. Trátase dunha novela de grande alento e de personaxe colectivo en que o pobo de Ourense e, en concreto, as súas clases traballadoras aparecen organizadas loitando contra o caciquismo en defensa dunha escola laica. En definitiva, un retrato maxistral da cidade nos tempos anteriores á Guerra Civil narrados cunha técnica moi moderna e influencias do behaviorismo.



Valentin Paz Andrade (izq) y el escritor Eduardo Blanco Amor en
puerto de Vigo en 1963

Os últimos anos da vida de Blanco Amor decorren entre Ourense, Vigo e Santiago de Compostela, alén das viaxes a outras cidades do estado como Madrid e Barcelona.








Blanco Amor foi, sen dúbida, un home de personalidade moi brillante e matizada.



A súa condición de escritor e de emigrante, situouno nunha marxinalidade existencial á que hai que engadir as dificultades políticas e literarias propias da época para sacar adiante unha obra escrita en galego, por máis que esta fose da máis alta calidade. As persoas que o trataron non eluden mencionar o seu carácter complexo, e por veces contradictorio.

Morre, finalmente, vítima dunha doenza cardíaca, no Hotel Nilo de Vigo en 1979



OUTROS LIBROS DE BLANCO AMOR NAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



EDITORIAL GALAXIA



EDUARDO BLANCO-AMOR



DVD



Os espazos da literatura. Territorios da palabra, onde o mundo se recrea e, ao mesmo tempo, se rescribe.

A enerxía do idioma


por Víctor F. Freixanes

Auria (Ourense) sempre será distinta despois de ler a Eduardo Blanco Amor: **A esmorga**,

CURSO 2024-2025



publicada por primeira vez en Buenos Aires da man da editorial Citania (Luís Seoane e os amigos da Asociación Galega de Estudantes, Escritores e Artistas) en 1959, aínda que escrita algúns anos antes, tal coma lembra nestas páxinas o profesor Xosé Manuel Dasilva e outros que foron testemuñas e mesmo protagonistas daquel proceso (Francisco Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo). Nunca Ourense (Auria), digo, volverá ser a mesma despois de ler a historia do Cibrán, do Bocas e o Milhomes; o longo monólogo-declaración do primeiro diante do xuíz dando conta dos acontecementos; o incendio do pazo de Castelo, a figura da Socorrito, a noite feroz, desesperada e húmida nas ruelas a carón do río, cos leiróns a chapuzar na escuridade das augas...



No ano 1975 tiveron o privilexio de conversar longa e demoradamente con Blanco Amor, que daquela residía en Vigo, xa de regreso de Buenos Aires, onde botara practicamente a vida. É un dos traballos xornalísticos dos que me sinto máis orgulloso: aquela serie de conversas, reordenadas despois no correspondente capítulo do meu libro *Unha ducia de galegos* (1976), que titulei “Diante do espello”. Falabamos nas mesas da cafetería Goya, na rúa Urzaiz, e algunha vez no hotel Nilo, onde sufriu o ataque de corazón que o levaría ao sanatorio do doutor Toscano, onde faleceu unha noite fría de decembro de 1979.

Daquela pregunteille pola lingua, que el non traía exactamente da infancia, senón que atopara e reconstruíra literariamente na colectividade emigrante de Arxentina e Uruguai. “Tivo que pasar tempo para me sentir seguro de ter unha lingua coa que poder traballar e contar o que eu quería”, explicaba. “Sentía a lingua, pero tiña que traballala máis [...]. Alguén dixo que eu escribira corenta anos en castelán porque era un renegado. ¡Vaia por Deus! Unha meirande parte das veces que o falante non quere falar galego é porque supón que o fala mal, é por respecto ao idioma. A nosa psicoloxía, por moitas razóns históricas que non imos contar agora, é así. Isto non se arranxa con insultos nin imposicións nin listas negras”. E máis adiante, referíndose especificamente ao proceso de creación d’*A esmorga*, engadía: “O idioma da novela é un descubrimento e ten, ao mesmo tempo, moito de *koiné* persoal,



resultado dunha longa loita por conquistar a lingua que necesitaba e non tiña chuchado de neno. O que son as cousas: a miña grande aventura coma escritor foi chegar **dende fóra** do idioma, tiven que crear a miña propia lingua literaria recollendo aquí e acolá a fala de todos, os dialectos de cada un. En Buenos Aires vivían catrocentos mil galegos de todas partes de Galicia, cadaquen coa súa fala, coas súas características dialectais lingüísticas e léxicas. Eu fixen de todo, aquilo unha **koiné** xeral, deille un xeito literario, estético, sen que iso supoña un afastamento da lingua. Eu estaba ceibe no intre de escribir, podía escoller do que me ían ensinando uns e outros, vivía rodeado de case que medio millón de galegofalantes. De aí saíu a lingua d'**A esmorga**".

[...]

Cando Eduardo Blanco Amor escribe **A esmorga** había tempo que rebordara os cincuenta anos. Era daquela un escritor recoñecido en castelán nas comunidades do exilio e na sociedade literaria e cultural arxentina, chilena, uruguaia etc. Que pulo íntimo, que desacougo interior, que necesidade secreta o empurra a poñerse a escribir en lingua galega, que non mamara na infancia, a historia do Bocas, o Cibrán e o Milhomes, encerrado no cuarto día e noite, reconstruíndo con palabras (as vellas palabras da tribo) o universo da infancia, o territorio da patria, tal que dicía o poeta Rilke e el gustaba tanto de repetir? Vellas palabras da tribo que en gran medida eran as palabras da memoria, da lealdade a si mesmo (reconstrución), e as palabras das tribos todas que alén mar existían (e resistían).

A esmorga é un produto desa Galicia exterior, da Galicia que existía e resistía nos anos difíciles da posguerra, a enerxía vital dun pobo que, mesmo dende a distancia, reivindicaba a súa condición de tal e se reafirmaba na palabra, producindo creacións literarias, artísticas, de expresión colectiva (tamén formas e institucións de afirmación política). Aínda na traxedia do exilio, condenada ao desarraigo do desterro, Galicia estaba viva, extraordinariamente viva neses momentos, no pulo das xentes do común, das que o escritor alimentaba a súa obra. Velaquí unha boa liña de investigación para a historia da nosa literatura. Quen son antes: os escritores (os creadores) ou as audiencias que os avivan e os reclaman?

TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO C



A narrativa galega contemporánea posterior á guerra civil constrúese (reconstrúese, deberíamos dicir) sobre tres esteos, tres ríos caudalosos que se complementan, a saber: a obra de Álvaro Cunqueiro, recuperado para a nosa lingua a partir de **Merlín e familia** (1955); a obra de Ánxel Fole (**Á lus do candil**, 1953) e **A esmorga** de Eduardo Blanco Amor. A xeito de complemento, referente da etapa anterior, están a obra de Castelao e de Otero Pedrayo; e como continuación, tamén complementaria, a de Neira Vilas (**Memorias dun neno labrego**, 1961) e a chamada Nova Narrativa, que xa é unha xeira nova. Mais os alicerces desa recuperación son as tres anteriormente citadas: unha delas (certamente capital) a novela de Auria, continuada despois coas entregas de **Os biosbardos** (1962) e **Xente ao lonxe** (1972).

Cincuenta anos despois da súa primeira edición en Buenos Aires, lembramos un dos textos básicos da nosa literatura contemporánea, produto da Galicia no exilio, a Galicia resistente, tamén unha das obras máis abertas, renovadoras, ambiciosas e esixentes do noso catálogo histórico, referencia fundamental para todo o que veu despois.

Lembraba Blanco Amor en 1974:

“Ás veces voltaba sobre das páxinas que levaba escritas e lía en voz alta para sentir a súa musicalidade, o ritmo do idioma que medraba, e non me gustaba, e veña voltar atrás, unha vez e outra vez. Hai partes que teñen cinco e seis redaccións, ata que atopaba o que buscaba. Unha cousa é o idioma no seu estado popular e outra o idioma literario. Ata hai pouco non se podía dicir que Galicia tivese un idioma literario de certa altura, andaba espallado, esvaído, sen fixar nunha **koiné** imprescindible. Esta é a laboura dos escritores. Os escritores teñen que ir construíndo a lingua, sen perder de vista a fala viva do pobo [...]. Cada libro é un problema [...]

A esmorga foi unha longa loita na soidade...

EDITORIAL GALAXIA

CURSO 2024-2025



A esmorga

Xénese e significado

No ano 1959 publícase en Buenos Aires na editorial Citalia a primeira novela en galego de Eduardo Blanco Amor. Esta obra foi considerada no momento da súa publicación como unha “novidade na literatura galega”. Podemos afirmar que a noveliña en concreto inaugura a



contemporaneidade na nosa narrativa: con ela iníciase a novela moderna. Será nos anos setenta e oitenta cando esta obra chame a atención dos novos e se valore máis xustamente. Os eloxios e estudos máis serios virán sempre dos críticos máis xoves. O profesor Tarrío Varela manifestaba a súa admiración afirmando que “a pesar de su poca extensión, no dudamos en incluírla dentro de lo más granado de la literatura universal”. Para Antonio Carreño é “una

obra genial”, e na mesma liña, Xesús Rábade escribe: “unha novela breve, intensa e perfecta na adecuación de argumento, actitude, técnica e mais estilo”.

Estas opinións contrastan co comedimento por parte dos que xa non eran tan novos.

Sobre a xénese da obra deixou o escritor algunhas manifestacións que recolleron Víctor F. Freixanes e Carlos Casares (...) Blanco Amor rememora unha acordanza da nenez que lle quedou fondamente gravada na memoria:

“¡Foi unha cousa tan misteriosa! Non o sei. Cecaís dun lonxano recordo. Sería eu rapaz de cinco anos, estaba coa miña nai presenciando o ‘Encuentro’ da procesión do Venres Santo, nun balcón da Praza Maior de Ourense (...) De repente, fíxose un claro de riña debaixo de nós. A miña nai colleume deseguida e xa non vin máis. Ao “Bocas” abríanlle o bandullo, e foise correndo, emparando as tripas que lle saían, hastra o hospital da plaza das Mercedes. De aquela navallada saíu “A esmorga”.



Na conversa con Victor F. Freixanes céntrase na adquisición dunha linguaxe axeitada aos seus propósitos novelescos:

“Tiven que inventar unha lingua, conquistar un idioma. Ate pouco non se podía dicir que Galicia tivera un idioma literario de certa altura, andaba espallado, sen ficar nunha koiné imprescindible. Os escritores teñen que ir construíndo a lingua pero sin perder de vista a fala viva do pobo (...). A xente campesiña non fala o galego dos libros.

12

Para Blanco Amor, polo tanto “A esmorga” é a novela da culminación dun esforzo por conseguir unha lingua literaria expresivamente viva. Non fala doutros aspectos.

[...]

“A esmorga”, título da novela, alude ao aspecto máis superficial da historia: é unha referencia ao material, á farta de comida e bebida entre varias persoas e ao compoñente de troula. Pero ademais encerra unha significación máis polisémica e simbólica. O título aporta compoñentes semánticos: esaxeración, ruptura e transgresión. “A esmorga” é a novela do exceso, da situación límite duns personaxes collidos un remuíño cego e entolecedor; é tamén a novela da ruptura “violenta” familiar, social. A enchente, polo que ten de exceso, de violencia que se fai ao propio corpo, conleva unha forma de destrución.

“A esmorga” como é sabido, consiste na declaración de Cibrán Canedo sobre os feitos cometidos polos dous compañeiros esmorguistas, aos cales acompaña desde a mañanciña do luns ata o martes seguinte. Pero a novela é moito máis ca unha declaración xurídica; esta é o soporte dunha historia de historias encaixadas e artelladas unhas noutras. Son historias que veñen traídas polos personaxes, que gardan ademais unha relación co espazo, que teñen unha estrutura fantástica e que se entrometen nunha realidade visguenta e húmida.

“A esmorga” é a novela dun progresivo desamarre da vida, dunha fuxida, dunha viaxe sen retorno. O alcohol é o disolvente das consciencias, ao mesmo tempo que individualiza e rome as escasas atadeiras que unen ao entorno. O exceso etílico é unha constante na obra. Non



podemos esquecer que o alcolismo foi unha das lacras sociais máis importantes do século XIX, sobre todo nas clases máis pobres. O alcohol é o medio fluído, “líquido” no que os esmorgantes se van “liquidando”, única porta pola que se lles permite fuxir. Ese constante fuxir por rúas, tabernas e arrabaldes, reflicte o desarraigamento que sacode aos persoaxes atrapados na rolda do desespero.

FONTES:

http://www.editorialgalaxia.es/imxd/libros/doc/1263989344184_Carta_do_Editor.pdf

“A obra literaria de Eduardo Blanco Amor”, de Xavier Carro (extractos). Editorial Galaxia, 1993

A ESMORGA COMO NOVELA UNIVERSAL

Se tratásemos de clasificar dentro da tradición histórica da literatura galega a obra de Blanco Amor atoparíamos que pola súa diversidade creativa, a pluralidade de xéneros que cultivou e os países e culturas que frecuentou é dificilmente ubicable.

Como poeta poderíamos entender que os seus poemarios iniciais estarían próximos ao Neo-trobadorismo de Fermín Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro, e aquí é onde non debemos esquecer a súa amizade co poeta granadino Federico Garcia Lorca, afiliado tamén a esta tendencia lírica, nos seus “Seis Poemas Galegos”, escritos co asesoramento lingüístico de Blanco Amor.

Como narrador, a súa produción novelesca sitúao por contemporaneidade cos escritores de “Nova narrativa galega”, pero sen embargo o carácter anovador de moitas das súas obras, responsables estas dun cambio moi importante na nosa literatura coa impresionante inclusión de tradicións




extranxeiras, o manexo de técnicas e temáticas ata entón fóra do que se entendía por literatura galega, fainos pensar que o mellor é ubicar a narrativa de Blanco Amor como un produto dunha novela galega de posguerra, continuadora da prosa da Xeración Nós, pero que o distingue dos homes e mulleres da Nova Narrativa porque a súa novela non abandona ao home como centro de atención.


14

O relato céntrase no *home* e o escritor describe a un(s) personaxe(s) cos seus medos e as súas esperanzas.

A súa obra non se identifica cos escritores europeos coétaneos, aínda que estea dentro do neo-realismo, pola descrición da realidade social, económica e cultural dunha época da historia de Galicia a partir duns acontecementos e duns personaxes que utiliza como modelo, sen lugar a dúbidas atopamos outros tipos de influencias literarias, por un lado a tradición narrativa galega que xa sinalamos e sobre todo a narrativa hispano-americana. Blanco Amor pasou máis de trinta anos da súa vida en terras arxentinas, pero as viaxes por toda sudamérica foron constantes.



Así pois, A Esmorga é o resultado desta triple influencia :





EDUARDO BLANCO-AMOR

A ESTRUTURA da novela

15

NARRADOR	EPISODIOS	CAPÍTULOS
Narrador-autor	Orixe documental da obra	Prólogo
Narrador-protagonista	- Taberna da tía Esquilacha - Xardín dos Andrada	Capítulo I
	- Pazo do Castelo - Casa da Monfortina	Capítulo II
	- Casa do Nono - Igrexa de Sta Eufamia	Capítulo III
	- Xardín dos Andrada	Capítulo IV
Narrador-autor	- Campo das Bestas	Capítulo V
	Morte do protagonista	Epílogo


O tema é clásico na literatura do século XX: un proceso xudicial, como *O proceso de Kafka*, *O extranxeiro de Camus* ou *A familia de Pascual Duarte* de Cela.



Ata aquí a estrutura da novela, agora déixovos unha serie de pinceladas da obra, reflexións, puntos de interés, preguntas..... podeades chamarlle como máis vos preste, o importante é que espero que vos axuden a entender o relato poque iso quererá dicir que na próxima sesión de tertulia teredes montóns de preguntas pero tamén reflexións e resultados que pasaredes aos micrófonos da sala virtual do club de lectura....

16

1. – Situación no tempo histórico de Galicia onde se producen os feitos.
2. --Tema principal e temas secundarios.
3. – Protagonistas principais e secundarios (ollo; non esquezades a ninguén)
4. – ¿Que pode parecer curioso na estrutura da obra? (Documentación??, capítulos...Narrador-autor, narrador-protagonista..)
5. – Espazos polos que discorre a acción, iluminación, climatoloxía. ¿Onde suceden os feitos? Pensades que é importante a situación urbana do relato.
6. – Tempo no que transcorre a novela, aparenta bastante sinxelo pero non atopamos unha certa complexidade, a DOCUMENTACIÓN dos feitos estanos a falar duns 90 anos antes, a declaración fronte ao xuíz, cantos días dura???, e os feitos, cando sucederon con respecto á declaración???
7. – Cales foron as dificultades que atopástedes no texto?
8. – Considerades que estamos ante unha obra universal???





9.-- Que vos parecen estas opinións sobre a obra :

“As personaxes no son donos do seu destino, por eso é clásico e por eso ten que ver co presente. ¿A cantos os gobernos e o sistema estalles a marcar o seu destino?”

“A esmorga é un paradigma do local universal. Realmente é unha obra, hoxe, de vangarda e tamen ten unha certa intemporalidade”

EDITORIAL GALAXIA